

acc

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

EXPEDIENTE	2023045216
ASUNTO	PROGRAMA "+ BENESTAR" 2024
TRÁMITE	APROBACIÓN DA RELACIÓN PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

A deputada delegada da área de Benestar Social, no exercicio das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte **RESOLUCIÓN**

ANTECEDENTES DE FEITO E CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

Primeiro. A Xunta de Goberno, na sesión celebrada o 12 de abril de 2024, aprobou as bases reguladoras do programa "+ Benestar" 2024, modificadas posteriormente na sesión ordinaria do 26 de xullo de 2024 (BOPPO número 158, de 14 de agosto de 2024).

Este programa, cun grande arraigo dentro das actuacións termais que a Deputación de Pontevedra destina ás persoas maiores (Saúde e Benestar e Depotermal), ten como finalidade facilitarlles ás veciñas e veciños da provincia de Pontevedra o acceso a actividades de ocio saudable e envellecemento activo en establecementos hostaleiros (balnearios, talasos ou *spas*) e, ao mesmo tempo, ser un programa dinamizador da economía da provincia que impulse a creación e o mantemento de postos de traballo no sector turístico durante os períodos de menor actividade ao desestacionalizar a demanda.

Segundo. Finalizado o 5 de setembro de 2024 o prazo para presentar as solicitudes de participación, recibíronse un total 3.266, das cales 3.135 solicitudes están admitidas por cumprir cos requisitos establecidos nas bases reguladoras e 131 solicitudes non están admitidas polas seguintes causas: presentación fóra do prazo, tres (3) solicitudes; non cumprimento dos requisitos establecidos nas bases para ser beneficiaria ou beneficiario, unha (1) solicitude; duplicidade, cincuenta e sete (57) solicitudes; non presentar a documentación esixida nas bases para acreditar o cumprimento dos requisitos, setenta (70) solicitudes.

Terceiro. O 2 de outubro de 2024, Intervención emite dilixencia de fiscalización dando conformidade á proposta de aprobación da relación provisional de persoas admitidas e persoas non admitidas, xunto coas causas de exclusión destas últimas.

Á vista do exposto, de conformidade co disposto na Resolución Presidencial nº 2024005761, de 10 de xullo de 2024, sobre delegación de atribucións do presidente, e de acordo co previsto na base décimo terceira das bases reguladoras desta convocatoria, **RESOLVO**



Primeiro. Aprobar a relación provisional de persoas admitidas no programa "+ Benestar" 2024 (CSV: EZBJ1OS8N4JSLMIF), e non admitidas, xunto coas causas de exclusión destas últimas (CSV: E5WBFDD6P3NoQ328).

Segundo. Publicar no BOPPO o anuncio relativo á aprobación da relación provisional de persoas admitidas e non admitidas no programa "+ Benestar" 2024, xunto coas causas de exclusión destas últimas, e publicalas na páxina Web da Deputación de Pontevedra; así mesmo, de conformidade co establecido no apartado sétimo das bases reguladoras, enviarase unha mensaxe de texto ao número de teléfono móbil indicado para que as persoas solicitantes consulten o estado da súa solicitude.

Terceiro. Acordar de oficio a aplicación ao presente procedemento da tramitación de urxencia (artigo 33 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas), xa que dado o elevado número de prazas que oferta o programa (2.127) e que a súa execución está prevista entre o cuarto trimestre de 2024 e o primeiro trimestre de 2025, en períodos de temporada baixa, cómpre acelerar o procedemento para que o programa poida dar comezo no cuarto trimestre deste ano.

Cuarto. As persoas aspirantes non admitidas ou omitidas na relación disporán dun prazo de 5 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio no BOPPO, para poder emendar os defectos que motivaron a súa exclusión ou omisión; as instancias para emendar os motivos de exclusión ou omisión, se deberán presentar de acordo co establecido no artigo 16.1 da LPACAP.

Transcorrido o prazo de emenda, publicarase o anuncio de aprobación da listaxe definitiva de persoas admitidas e non admitidas no BOPPO e na páxina Web da Deputación de Pontevedra.

Asinado dixitalmente na marxe

